

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Miguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Cutrín, Francisco Javier
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Picos Martín, Juan
Río Otero, Coral del
Rodríguez Domínguez M^a del Mar
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Arévalo Tome, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rguez.-Moldes, Covadonga

ESTUDANTES

Abelleira Acebedo, Pablo
Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Fernández Simoes, Miguel
González Seoane, Noa
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Montero Reguera, José Francisco
Rúas Araújo, José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 28 de xullo de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 28 de xullo de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Foron invitados, con voz e sen voto: Xosé Henrique Costas González, director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina; Inmaculada Concepción Báez Montero, directora do Departamento de Lingua Española; M^a Cristina Caruncho Michinel, directora do Departamento de Socioloxía, CC. Política e da Admon. e Filosofía; Emma Torres Romay, decana da Facultade de CC. Sociais e da Comunicación.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 5 de abril de 2022 e ás sesións extraordinarias do 9 de xuño de 2022 e do 14 de xullo de 2022.

O reitor comenta que non houbo alegacións as actas, enviadas xunto co resto da documentación, polo que pide que se aproben por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa dos seguintes asuntos:

- Harmonización das datas relativas á tramitación de titulacións no SUG por parte da Secretaría Xeral de Universidades.
- Novo mapa de titulacións: 10 a 12 novos graos que non existen en Galicia. Probablemente non partillados entre Universidades. Inclúiranse novos mestrados.
- Diversas visitas institucionais: conselleiro de Educación. Alcaldes de Ourense e Vigo e presidentes de ambas

Deputacións. En breve, haberá unha cita co alcalde de Pontevedra, o presidente da Xunta e o conselleiro de Facenda.

- Plan plurianual de infraestruturas: houbo dúas xuntanzas coas consellerías implicadas e enviouse a petición de cartos á Secretaría Xeral de Universidades.
- Premios Campus Auga.
- Participación no consorcio de Universidades Athina. Requirirá a participación dunhas cen persoas implicadas. Afecta sobre todo a titulacións do ámbito tecnolóxico, entre outras posibilidades.
- Proposta galega do nodo de intelixencia artificial: o alcalde de Ourense propón o edificio da Molinera. Aínda non está aprobada a ubicación definitiva.
- Creación do Instituto Universitario de Ciencias Aeroespaciais de Ourense: houbo unha xuntanza entre as persoas propoñentes e os alegantes. O reitor prevé que haberá un acordo en setembro.
- Creación do Instituto de Agroecoloxía de Ourense: trabállase hacia un instituto Agrofood transfronteirizo, tras unha xuntanza en Bragança. Haberá financiamento para preparar a proposta, que tentará acadar fondos europeos.
- Celebrouse o evento “Alumni”, con entrega de premios.
- Segunda edición dos distintivos de igualdade para os centros (entregáronse seis).
- Presentación de ECOBAS en Santiago de Compostela.
- Traballo con titulacións en dificultades (enxeñaría de minas, enxeñaría forestal e enxeñaría agraria). O reitor resume as iniciativas previstas en cada caso, adoptadas xunto coa Secretaría Xeral de Universidades.
- Títulos novos en Ourense: presentación de Relacións Internacionais e Intelixencia Artificial, que comezan este ano, xunto co alcalde e o presidente da Deputación. Falouse dos terreos dispoñibles para a súa ubicación.
- Alianza galega polo clima: a UVigo forma parte da mesma.
- Posible creación da Facultade de Enfermaría: aínda non está rematada a negociación, pero celebráronse dúas xuntanzas entre as tres Universidades públicas do SUG.
- Consellos reitores do CIM e do AtlanTTic: aprobáronse todos os documentos presentados. Estase á espera de poder presentar o CINTECX.
- Escavación en Adro Vello polo grupo de arqueoloxía de Ourense.
- Ciclo RIFDE sobre finanzas autonómicas, con participación de Santiago Lago, director do Grupo GEN.
- Nova Cátedra UNESCO, dirixida por Francisca Fariña.
- Convenio coa vicepresidenta segunda.
- Continúa a apoiarse o Pont-up Store.
- Celebrouse o día das Letras Galegas na Casa das Campás de Pontevedra.
- Celebración dos premios ETIV, sobre a industria do videoxogo.
- Presentación da Cátedra de idadeismo.
- Resultados de financiamento acadados pola UVigo por proxectos de investigación en diversas convocatorias e presentación da súa evolución histórica.

O reitor lembra o sistema para apoiar ou non acordos xa aprobados previamente nas mesas de negociación.

O reitor presenta á xerenta, Yolanda Lesmes, que se incorpora ao Consello de Goberno. Anabel González Penín pregunta polo resto do equipo xerencial. O reitor indica que estase a buscar dous vicexerentes/as mais entre o propio persoal da casa, xunto con Anxo Moreira (vicexerente de investigación) e a persoa que virá avalala pola propia xerenta.

3. Aprobación, se procede, do procedemento de xubilación do persoal docente e investigador pertencente aos corpos docentes universitarios da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra a Alfonso Lago, vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións que informa do punto, indicando o seguinte:

Ata agora:

- Entre os 60 e os 69 anos (voluntaria): só ao final do curso académico.
- No curso no que se cumpran os 70 anos (obrigatoria): ben na data de cumprimento, ou ben ao finalizar o curso académico.

Proposta:

- Xubilación forzosa: o funcionariado pertencente aos corpos docentes universitarios xubilárase forzosamente cando cumpra os 70 anos; poderá optar por xubilarse na data do cumprimento da idade ou ao finalizar o curso académico.
- Xubilación voluntaria: o funcionariado pertencente aos corpos docentes universitarios poderá solicitar a xubilación voluntaria sempre que cumpra algún dos seguintes requisitos:
 - a) Ter cumpridos 60 anos e recoñecidos 30 anos de servizos efectivos. Neste suposto, a data de efectos será a indicada pola persoa interesada na súa solicitude, que poderá optar por xubilarse na data do cumprimento da idade ou ao finalizar o curso académico.
 - b) Ter cumpridos 65 anos e sucesivos ata os 69 anos e ter 15 anos de servizos prestados. Neste caso, a data de efectos deberá ser a de fin do curso académico.
- A data de referencia de finalización do curso académico será o 31 de agosto de cada ano.
- O procedemento de xubilación iniciarase coa solicitude da persoa funcionaria interesada cunha antelación mínima de tres meses á data de xubilación.

Carlos Mollinedo pregunta por que certos aspectos están subliñados e outros non na presentación. Alfonso Lago comenta que deberían estar subliñadas as modificacións. Se non é así, trátase dun erro.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río, quen pide que conste como tal na acta.

4. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.

O reitor cede novamente a palabra a Alfonso Lago, vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, que indica as liñas da modificación:

- Nivel de dedicación docente: Cara a fixar o nivel de dedicación docente de cada un dos membros do PDI permanente a tempo completo e do profesorado contratado doutor interino.
- Recoñecemento docente por maternidade: As profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, a garda con fins de adopción ou de acollemento dunha duración mínima dun ano, poderán solicitar unha redución da súa dedicación docente de ata o 100 % no primeiro curso académico e do 50 % no segundo curso académico desde a data de finalización do permiso.
- Recoñecemento docente do persoal investigador de programas: No caso do persoal investigador doutor contratado ao abeiro dos programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e para os que a Universidade de Vigo perciba a correspondente axuda de estabilización pola creación de postos de traballo de carácter permanente, terá dereito a un recoñecemento de 30 horas por curso académico durante tres cursos.
- Haberá unhas modificacións no recoñecemento de actividades de goberno e de representación (RAGR):
 - R.1.1. Reitor/a, vicerreitor/a con dedicación exclusiva – 100 %
 - R.1.2. Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, secretario/a xeral, valedor/a universitario – 75 %.
 - R.1.3. Adxunto/a ao reitor/a, delegada/o na Ciug – 62,5 %. Os antigos comisionados/as pasan a denominarse “Adxunto/a ao Reitor”.

O reitor sinala as vicerreitorías con dedicación exclusiva: profesorado, planificación e investigación.

Anabel González Penín, felicita polas medidas adoptadas en relación coa maternidade de investigadoras e pregunta pola razón e o reitor explica que se debe á carga de traballo. Anabel González pregunta polo custo posible e o reitor explica que é mínimo, así como outros acordos acadados na mesa de negociación sobre a estabilización de profesorado, polo que tamén preguntou Anabel González.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

5. Aprobación, se procede, da normativa da matrícula condicionada de acceso a máster.

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións que indica as bases da normativa:

- O obxecto desta normativa é regular o procedemento para a matrícula condicionada nos estudos de mestrado da Universidade de Vigo, de conformidade co artigo 18.4 do RD 822/2021,

do 28 de setembro de 2021, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

- Informe favorable da Asesoría Xurídica.
- Garantirase a prioridade na matrícula do estudiantado que dispoña dun título universitario oficial de grao.
- Só se permitirá a matrícula condicionada nas titulacións de mestrado nas que a comisión académica así o decida, e indicarse expresamente no momento no que se solicita o terceiro prazo de matrícula.

Requisitos das persoas solicitantes no momento da preinscrición:

- Só ter pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro segundo a normativa de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para obter o título de grao da Universidade de Vigo.
- Restar por superar o TFG e, como máximo, outros nove créditos ECTS. Para os efectos dos devanditos nove créditos, computaranse aqueles pendentes de recoñecemento ou de transferencia no título de grao, no momento da preinscrición.

Resolución das persoas admitidas:

- A comisión académica do mestrado valorará o perfil de admisión do estudiantado de matrícula condicionada, de acordo coa seguinte orde de prelación:
 - Criterios específicos relativos ao perfil de ingreso de cada mestrado definidos na súa memoria verificada.
 - Estudantes que unicamente teñan pendente a acreditación do nivel de idioma estranxeiro para obter o título de grao.
 - Estudantes pendentes de superar o TFG. No caso de igualdade, terase en conta a nota media obtida no resto das materias superadas do grao.
 - Estudiantado que, ademais do TFG, teña créditos pendentes. Nese caso, priorizarase a admisión do estudiantado que menos créditos pendentes teña. No caso de igualdade, terase en conta a nota media dos créditos superados.
- Unha vez admitido no mestrado solicitado, cada estudante que cumpra coas condicións requiridas para acceder a partir do procedemento de «matrícula condicionada» deberá realizar o proceso ordinario de matriculación habilitado nos mestrados oficiais.

Efectos da matrícula condicionada:

- O estudiantado que realice a matrícula condicionada nun título de mestrado rexerese polas mesmas normas que o estudiantado con matrícula ordinaria. Con todo, ata que non regularice a súa matrícula, terá as seguintes restricións:
 - En ningún caso se poderá obter o título de mestrado se previamente non se obtivo o título de grao.
 - O pagamento das taxas administrativas e académicas xeradas pola matrícula condicionada efectuarase da mesma forma que a establecida para a matrícula ordinaria.

- Cada estudante poderá solicitar a documentación acreditativa de estudos con matrícula condicionada, durante o período en que permaneceu nesa situación, e quedara constancia diso no seu expediente académico.
- A obtención do título de grao será un requisito necesario para poder matricularse na materia de traballo fin de mestrado.

Calendario do curso 2022/2023:

- Período de preinscrición: do 26 o 28 de setembro de 2022
- Listaxe provisional de estudantado admitido: 4 de outubro de 2022
- Período de reclamacións: do 5 o 7 de outubro de 2022
- Listaxe definitiva de estudantado admitido: 12 de outubro de 2022
- Período de matrícula: 13 e 14 de outubro de 2022

Rebeca Díaz pregunta sobre o artigo 3 da normativa sobre o acceso e se se pode ter en conta o tipo de materia. Alfonso Lago comenta que era unha solicitude dalgunhas escolas, pero pode deixarse ao criterio da comisión académica. Rebeca Díaz pregunta se a comisión académica pode impoñer esas condicións. Alfonso Lago indica que non está recollido expresamente, pero que é posible facelo. En todo caso, se acepta incluír unha mención específica ao respecto que expoñe oralmente o vicerreitor.

María José Ríos Santomé pregunta se se tiveron en conta os días festivos en relación cos prazos previstos, polo traballo administrativo que conleva. Alfonso Lago sinala que foi acordado co Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao. Juan Pardo insiste no asunto comentado por Rebeca Díaz, sobre os criterios específicos que pode establecer a comisión académica, pero está de acordo coa redacción proposta por Alfonso Lago a este respecto.

Francisco Javier Rodríguez Martínez expón unha duda sobre o calendario, que aclara o vicerreitor.

Apróbase por asentimento, coa abstención de Coral del Río.

6. Aprobación, se procede, da tramitación de novas propostas e de modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, que expón o que segue:

Nº	GRAO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.	COORDINA.
1	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	Facultade de Educación e do Deporte	Modificación	NON	NON	UVIGO
2	Grao en Publicidade e Relacións Públicas (*)	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Modificación	NON	NON	UVIGO
3	Grao en Turismo – mención dual	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Modificación	NON	NON	UVIGO

(*) Informe desfavorable da COAP. Unha vez analizadas polos membros da COAP as alegacións recibidas sobre a memoria de modificación do título de graduado/a en Publicidade e Relacións

Públicas, solicitouse realizar unha votación onde o resultado foi: 1 voto a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións, polo que se acorda informar desfavorablemente.

Achéganse as motivacións dos votos en contra e os informes das alegacións presentadas á modificación do título a solicitude dos membros da COAP.

N.º	MESTRADO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.	COORDINA.
1	Mestrado universitario en xestión sostible da auga	Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	Verificación	SI	SI	UDC
2	Mestrado universitario en xestión da experiencia do cliente	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	Verificación	SI	SI	USC
3	Mestrado universitario en criminoloxía	Facultade de Dereito (Campus de Ourense)	Verificación	SI	SI	UDC
4	Mestrado universitario en biofabricación	Escola de Posgrao**	Verificación	SI	SI	UVIGO
5	Mestrado universitario en internet das cousas	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Verificación	SI	SI	(Rotatoria) UDC
6	Mestrado universitario en fabricación aditiva	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	SI	SI	(Rotatoria) UDC
7	Mestrado universitario en vehículos autónomos	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	SI	SI	UVIGO
8	Mestrado universitario en ciencia e tecnoloxías de información cuántica	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Verificación	SI	SI	USC
9	Mestrado universitario en ensino do español como lingua estranxeira ou segunda lingua	Facultade de Filoloxía e Tradución	Verificación	SI	SI	(Rotatoria) USC
10	Mestrado universitario en ciberseguridade	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Modificación	NON	SI	UVIGO

(**) Adscrición provisional á Facultade de Bioloxía para o seu comezo de tramitación.

N.º	DOCTORAMENTO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.	COORDINA.
1	Programa de doutoramento en nanociencia e biomedicina	Centro de investigación CINBIO	Verificación	SI	NON	UVIGO
2	Programa de doutoramento en Neurociencia e Psicoloxía Clínica(***)	Facultade de Bioloxía	Modificación	NO	SÍ	USC

(***) Táboa 4: Tesis doctorais dirixidas polo profesorado do programa:

Título	Doutorando/a	Director/es	Ano de defensa	Cualificación	Universidade	Referencia dunha contribución científica	Mencións	Fonte de financiamento do doutorando	Liña de investigación
"Estudio longitudinal de las consecuencias neuropsicológicas del consumo intensivo de alcohol en jóvenes universitarios: seguimiento a seis años"	Carina Carbia Sinde	Fernando Cadaveira Mahía e Montserrat Corral Varela	2018	Sobresaliente Cum Laude	USC	Carbia et al. (2017) PLoS One, 12.	Mención e internacional y Premio Extraordinario	Bolsa FPU	Neurociencia cognitiva. Estudio psicofisiológico e neuropsicológico dos procesos psíquicos superiores en poboación xeral e en poboacións especiais

Intervén Emma Torres para realizar un resumo das modificacións realizadas no título de grao en Publicidade e Relacións Públicas, apoiándose nunha presentación. Comenta as incidencias no debate académico do que xurdiu a modificación proposta. O interese fundamental foi garantir a empregabilidade do estudantado, en consonancia co plan estratéxico da Universidade. Comenta os antecedentes do título, que naceu no 1993 e sufriu escasas modificación, sendo a última no 2009. Fai referencia o libro branco da ANECA sobre o título de grao en comunicación, como marco xeral, e fai diversas referencias, en particular, á situación galega. Detalla o procedemento seguido para levar a cabo a reforma, dende a declaración de interese inicial ata a aprobación pola comisión redactora e a Xunta de Facultade os pasados 21 e 22 de xuño, respectivamente, adaptándose á nova normativa universitaria que supón o RD de 2021. Describe a continuación o esquema da proposta, onde fai especial énfase no emprego do galego, así como os obxectivos do título e os perfís profesionais, que detalla na presentación. Explica a continuación o esquema de materias dos distintos cursos que integran a titulación, así como a estrutura da optatividade, da formación básica e da obrigatoriedade. Expón unha táboa comparativa das modificacións propostas entre o plan de

2009 e o de 2023, así como o mapa da titulación e a asignación das materias ás distintas áreas de coñecemento, seguindo criterios obxectivos e puramente académicos. Comenta as alegacións recibidas á proposta e como foron analizadas, segundo os distintos departamentos, que foron respondidas convenientemente. Na COAP houbo tres votos en contra, dous votos particulares, dous votos en branco e un a favor. Comenta o malestar de certos profesores da súa facultade ante a situación creada. Amósase disposta a seguir os trámites administrativos que sexan necesarios para levala a cabo, dado que entende é necesaria para modernizar o título, e tamén a debater todos os aspectos académicos que sexan necesarios. O reitor agradece a exhaustiva intervención.

Inmaculada Anaya fai unha defensa da ensinanza da lingua, para tratar de chegar a un acordo neste asunto, partindo tanto do ámbito académico como profesional. Entende que a comunicación esixe claridade e corrección. A sintaxe e a filosofía son necesarias para expresar correctamente o pensamento. Pensa que o problema pode estar en como se está a ensinar a lingua en xeral na universidade española. Fai referencia á súa experiencia profesional con empresas, en relación co uso da lingua, eido no que ten traballado desde 2005. Os filólogos e os lingüistas son as persoas que deberían encargarse de este tipo de docencia centrada na lingua, cuxa ensinanza en diversos centros non debe ser excesivamente académica, pero se pode prestar a outro tipo de metodoloxía ou emprego de novas ferramentas. Comenta sobre a ensinanza de técnicas de expresión noutras universidades españolas, como a Carlos III de Madrid, en graos en comunicación ou incluso enxeñaría, igual que sucede neste último caso na propia Universidade de Vigo coa Escola de Enxeñaría industrial. Pecha a intervención cunha frase de Einstein: “se non o podes explicar sinxelamente, non o comprendiches bastante”.

Xose Henrique Costas indica que será breve e alude ás alegacións xa presentadas polo departamento de Filoloxía Galega. Sinala que Emma Tores non respondeu ao representante do departamento de Filoloxía Galega no debate no seu centro. Dubida que as competencias se poidan cumprir tal e como está prevista a reforma, en particular, en relación co desenvolvemento da lingua galega. Fai unha comparación coas outras universidades do SUG, respecto do uso da lingua nos estudos de comunicación, en particular, da galega, que entende que queda laminada na proposta presentada. Indica que a documentación foi entregada pola decana do centro con precipitación e pouco tempo para o estudo. Comenta certas materias que entende quedan eliminadas e deberían estar presentes neste grao. Quéixase das conversas mantidas coa facultade e da falta de información recibida, ao seu xuízo. Parécelle que a modificación vai contra corrente.

Inmaculada Concepción Báez intervéen en representación do departamento de Lingua Española e está de acordo coas intervencións de Henrique Costas e Inmaculada Anaya. Pensa que pretender actualizar un grao en comunicación no século XXI sen a lingua é imposible, tanto española como galega. Os lingüistas ensinan ferramentas necesarias para comprender e manexar a comunicación, polo que prescindir de ambas na proposta é difícil de comprender. Opina que se trata, coa proposta presentada por Emma Torres, dunha supresión de materias no título, mais que unha actualización de contidos e que inflúe negativamente na calidade do título.

Cristina Caruncho Michinel entende que non hai que deixarse levar sempre pola modernidade e que se o que xa temos é acorde coa empregabilidade, non habería por que cambialo. Estima que as materias de ética, socioloxía e lingua son necesarias na titulación e que a súa xustificación é clara, sinxela e evidente. Por iso, o departamento que dirixe está en contra: polo que se di mal, polo que non se di e porque vai en contra dos intereses do alumnado da Uvigo. Entende que hai unha proliferación absoluta de coñecementos “técnicos” en prexuízo doutras materias, para adaptarse ás

necesidades do mercado, o que orienta o grao cara a formación profesional, insistindo excesivamente no marketing e esquecendo certos aspectos centrais da comunicación. Señala que non se indica que o coñecemento básico que agora se pretende eliminar, xa foi parcialmente suprimido con anterioridade e que permanece noutras universidades españolas. Expulsa certos perfís profesionais da titulación e concretas áreas de coñecemento (pon o exemplo da materia de ética, cambiándoa por deontoloxía e asignándoa a outra área de coñecemento). Entende que isto non lle vai a saír gratis á Universidade de Vigo. En termos de procedemento, entende que houbo unha falta de rigor democrático na reforma, en particular, pola falta de transparencia e de publicidade. Pensa que legalidade non é lexitimidade. Insiste no interese do alumnado, de cara á súa colocación no mercado laboral. Compara a situación con outras universidades no eido internacional, por exemplo, canadenses e americanas. Cita a eventual reforma da ABAU cara as probas de madurez e a necesidade de formar persoas con pensamento crítico. Resume as razóns polas que votaría, se puidera, en contra deste reforma.

Carlos Mollinedo forma parte dos órganos por onde pasou a memoria e quere falar. Pide o voto en contra, dado que non comparte todo o que se dixo no decanto. Pensa que a memoria vai en detrimento das áreas minoritarias e apóiaas. María José Ríos apoia as últimas intervencións, en apoio da lingua á hora de comunicar.

O teitor entende que lle corresponde actuar como árbitro e pensa que o procedemento por parte da Facultade foi impecable, ata que a proposta chegou á COAP, que tamén tomou a súa decisión (onde o vicerreitor emitiu o único voto a favor). Propón adiar a decisión sobre esta titulación e solicitar un prazo extraordinario a Secretaría Xeral de Universidades para que permita enviar unha proposta en setembro. Comparte a visión de Carlos Mollinedo sobre a protección das áreas minoritarias. Fixa unha xuntanza para o 7 de setembro no Campus de Pontevedra para tratar este asunto.

Emma Torres está de acordo coa proposta do reitor e declara a súa admiración polos profesionais que traballan nesas materias no seu centro. Entende que se trata dun debate con visións distintas, e agradece todas as intervencións.

Noutro orde de asuntos, Ana Isabel González Penín pregunta pola creación da Escola de Doutoramento e Alfonso Lago o aclara.

Apróbanse por asentimento todas as propostas, agás a que xerou o debate, que queda adiada.

7. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de coordinación de máster.

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, quen sinala o seguinte:

- Regulamento de estudos oficiais de posgrao da Universidade de Vigo (REOP), aprobado polo Consello de Goberno o 14 de marzo de 2007 e modificado polo Consello de Goberno o 16 de abril de 2010, o 8 de febreiro de 2012 e o 18 de decembro de 2013, tiña como obxecto regular os aspectos básicos dos estudos oficiais de posgrao, de acordo co RD 56/2005.
- Ante o aumento da oferta de novas titulacións, tanto de grao como de mestrado, nalgúns escolas e facultades resulta complexo atopar persoal para ocupar certos cargos de xestión.

- Artigo 4. Organización, xestión e asignación de docencia dos estudos oficiais de mestrado.
- Coordinación do mestrado: A xunta de centro nomeará coordinador/a un profesor/a doutor con vinculación permanente a tempo completo que necesariamente deberá ser docente do mestrado. En caso de que sexa necesario, a coordinación tamén pode ser asumida por un profesor/a coa categoría de axudante doutor/a.

Apróbanse por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

8. Aprobación, se procede, da solicitude de prórroga da comisión de servizos do profesor Pablo Menéndez García.

O reitor cede a palabra por derradeira vez a Alfonso Lago, quen sinala o seguinte:

- Solicitude da Universidad Rey Juan Carlos de concesión dunha prórroga extraordinaria da comisión de servizos solicitada polo profesor Pablo Menéndez García.
- Efectos académicos: do 1 de setembro de 2022 ata o final do curso académico 2022/2023.

Álvaro López Mira pregunta pola situación deste profesor e Alfonso Lago indica que o comprobará.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

9. Aprobación, se procede, da convocatoria complementaria da Universidade de Vigo de “Axudas para a recualificación do Sistema Universitario Español para 2021-2023”.

O reitor cede a palabra a Belén Rubio, vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen sinala o seguinte, respecto deste punto:

Ámbitos	Margarita Salas	Recualificación	María Zambrano
Tecnolóxico	8	1	3
Xurídico-social	5-2= 3	0	1
Humanístico	5-1= 4	0	4-1= 3
Científico	14-2= 12	0	5-2= 3

De toda a universidade só dúas solicitudes de recualificación. Ademais, xeralmente, o número de estadias en José Castillejo o Salvador de Madariaga é moi baixo.

Proposta complementaria 2022

Ámbitos	Margarita Salas	María Zambrano
Tecnolóxico	2	0
Xurídico-social	2	1
Humanístico	2	
Científico	2	0

Convocatoria máis enfocada a Margarita Salas, esixencia do ministerio, temos que cubrir máis do 50 % do importe en MS (non é unha nova convocatoria).

Aprobada pola mesa de negociación (14/07) e pola comisión de investigación (18/07).

A vicerreitora indica o resultado das votacións na mesa de negociación, onde a proposta foi aprobada por maioría.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

10. Modificación, se procede, da Normativa de contratación do persoal investigador da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra novamente á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen indica o seguinte:

- A normativa aprobouse o 9 de xuño de 2022, aplícase a disposición transitoria segunda e fixéronse as correspondentes transformacións a indefinidos.
- Xa saíu unha primeira convocatoria con 36 prazas.
- Detectáronse algunhas eivas por parte do persoal investigador e propónse a seguinte modificación:

Artigo 21. Xornada semanal

A xornada completa semanal aplicable ao persoal contratado ao abeiro desta normativa será de 37,5 horas semanais. A dedicación semanal mínima non será inferior ao 50 % da xornada completa, salvo as contratacións realizadas para cubrir reducións de xornada concedidas ao abeiro da normativa laboral vixente de aplicación. Nalgún caso excepcional xustificando, poderán minorarse esa porcentaxe, se o aproba a comisión de investigación.

- Proposta aprobación situación excepcional: captación de talento para o laboratorio cuántico.
- Aprobada pola comisión de investigación do 18/07.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

11. Aprobación, se procede, da convocatoria “Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo para o 2022”.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que sinala o seguinte:

- **REQUISITOS**

4 prazas (igual que o anos anteriores)

a) Ser ou ter sido persoal investigador a tempo completo da Universidade de Vigo na modalidade Marie Curie Individual Fellowship, investigadoras/es principais das convocatorias de proxectos do Ministerio de Retos de Investigación, Generación de Conocimiento que tiveran sido anteriormente posdoutorais de convocatorias de carácter competitivo, ou Jóvenes investigadores (JIN), Juan de la Cierva-Incorporación, ou modalidade B da Xunta de Galicia, e que a data de finalización do contrato estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022 (sen considerar as prórrogas consecuencia da pandemia do COVID-19), acumulando nese momento unha antigüidade mínima no posto de dous anos de forma continuada na Universidade de Vigo (agás as interrupcións nos contratos directamente motivadas polas datas de resolución das convocatorias correspondentes).

b) Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como profesor/a contratado doutor ou ben como profesor/a titular de universidade.

c) Non ter avaliación negativa na convocatoria correspondente ao seu contrato.

- **PRIORIDADES**

- ✓ Terán precedencia as persoas aspirantes con acreditación como profesor/a titular de universidade e/ou certificación I3 fronte aos que teñan acreditación como profesor/a contratado doutor.
- ✓ En caso de igualdade no criterio anterior, as solicitudes ordenaranse segundo o programa de contratación do que proveñan e establecerase a seguinte prelación: Marie Curie Individual Fellowship, investigadoras/es principais de proxectos das convocatorias do Ministerio de Retos de Investigación, Generación de Conocimiento ou Jóvenes Investigadores (JIN), Juan de la Cierva-Incorporación, I2C-modalidade B da Xunta de Galicia.
- ✓ En caso de igualdade nos dous criterios anteriores, as solicitudes ordenaranse pola data de obtención da acreditación correspondente.
- ✓ En caso de igualdade nos tres criterios anteriores, resolverase a favor da persoa de maior idade.



- ✓ En caso de igualdade nos catro criterios anteriores, corrección da maior infrarrepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente.
- ✓ En caso de igualdade nos cinco criterios anteriores, antigüidade na Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río..

12. Aprobación, se procede, da convocatoria das “Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación da Universidade de Vigo para 2023”.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que sinala o seguinte:

Non hai cambios con respecto ao ano anterior: valoración dos tres méritos obtidos no período 2019-2022.

O prazo de presentación das solicitudes comezará o 1 de setembro e permanecerá aberto ata o 10 de outubro de 2022.

Aprobación pola comisión de investigación do 18/07.

O reitor indica que hai un amplo acordo cos sindicatos en prol da estabilidade e que pretende que, na medida do posible, non haxa cambios ao longo do mandato, no que dependa da Universidade.

Apróbase por asentimento, coa única abstención de Coral del Río.

13. Aprobación, se procede, da creación da empresa SPARC, S.L., coa participación da Universidade de Vigo no capital social.

O reitor cede a palabra a Belén Rubio, que sinala o seguinte:

- SPARC (acrónimo de III-V Semiconductor Foundry and Advanced Photonics Research Center) está orientada ao desenvolvemento e á fabricación de produtos fotónicos que conteñan chips de semicondutores III-V para terceiros.
- Iniciativa dos investigadores de atlantTIC, Francisco Díaz e Carlos Mosquera.

Proposta de reparto de capital social:

Nome e Apelidos	Relación coa UVIGO	Implicación no desenvolvemento	% de participación
Francisco Javier Diaz Otero	Profesor titular	Fundador e investigador - CEO	36%
Carlos Mosquera Nartallo	Catedrático	Socio fundador e investigador	3%
Francisco Soares	Ningunha	Fundador e investigador - CTO	36%
Eladio Crego	Ningunha	Fundador - CFO	13%
José Pozo	Ningunha	Fundador - CCO	11%
Universidade de Vigo			1%

- Informe de valoración de transferencia de tecnoloxía (VTT) da Oficina de I+D.
- Solicitud de creación da spin-off SPARC, SL, asinada polo investigador promotor.
- Borrador do pacto de socios de SPARC, SL.
- Borrador do acordo de transferencia UVIGO – SPARC, SL.
- Plan de negocio de SPARC, SL.

O reitor manifesta o seu orgullo por esta iniciativa.

Apróbase por asentimento.

14. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que expón as modificacións seguintes:

Artigo 4. Protección de datos persoais
(...)

3. As persoas responsables de **xestionar**, tramitar e **resolver** as QSP gardarán o segredo e manterán a debida discreción sobre o seu contido e a identidade da persoa usuaria, sen que poida usar a información para beneficio propio ou de terceiros.

Ao final do artigo 10.4º, sobre presentación de QSP, engádese: “En todo caso, deberá respectarse o previsto no artigo 4.3º”.

No artigo 13, sobre solicitude de informes, engádese un novo parágrafo: “3º. En todo caso, o responsable da QSP pedirá informe á persoa directamente relacionada coa "queixa", naqueles casos en que esta estea claramente identificada. A persoa citada disporá do prazo regulado no artigo 12.3 para responder coas alegacións que considere oportunas”.

Apróbase por asentimento.

15. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias do Mar.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que se trata dunha modificación aprobada pola propia Xunta de Centro e que conta co informe positivo da Asesoría Xurídica.

Apróbase por asentimento.

16. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes na comisión delegada do Consello de Goberno:

• **Investigación: 1 estudante e 1 PAS.**

Presentouse como estudante: Miguel Fernández Simoes.

Presentouse como PAS: Ana Isabel González Penín.

• **Planificación e AAEE: 1 estudante.**

Presentouse Manuel Diz Folgar.

• **Extensión Universitaria e Estudantes: 1 estudante e 1 PAS.**

Presentouse como estudante: Estela Lima González.

Presentouse como PAS: Ana Isabel González Penín.

Non é preciso realizar eleccións dado que as candidaturas non superan as prazas dispoñibles. Resultan nomeadas as persoas que presentaron candidatura.

17. Elección dos representantes no Consello Social: 1PDI; 1Estudante; 1PAS.

- Presentou candidatura polo PDI: Natalia Caparrini Marín.
- Presentou candidatura polo PAS: Carlos Mollinedo Lois.
- Presentou candidatura polos Estudantes: Manuel Diz Folgar.

Non é preciso realizar eleccións dado que as candidaturas non superan as prazas dispoñibles. Resultan nomeadas as persoas que presentaron candidatura.

18. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito Arte-Humanidades e 1 estudante do ámbito Xurídico-Social.

- Presentou candidatura 1 estudante polo ámbito Arte/Humanidades: Andrea Davila Rubio.

Non houbo outras candidaturas para prazas dispoñibles.

Non é preciso realizar eleccións dado que as candidaturas non superan as prazas dispoñibles. Resulta nomeada a persoa que presentou candidatura.



19. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.

Carlos Mollinedo pide á Secretaría Xeral que contacten axeitadamente coa representación sindical, á hora de poder proceder coa designación das persoas representantes con voz e sen voto no Consello de Goberno. O secretario xeral pide desculpas polo erro.

Carmen Ruiz Hidalgo comenta que detectou unha contradición entre a convocatoria de matrícula e a normativa xeral da Xunta de Galicia respecto da convocatoria de fin de carreira, sobre as convocatorias nas que se pode presentar o alumnado, o que xera un efecto perverso e que redundaba negativamente na calidade. O reitor indica que estudarase o asunto.

García Cutrín comenta que, dado o peche da Universidade en agosto, o servizo de PDI non cumprirá axeitadamente cos prazos de contratación, o que poñe en perigo a docencia en diversas titulacións e pregunta se se podería artellar un reforzo do dito servizo. O reitor sinala que o estudara coa xerenta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:05 h. do día 28 de xullo de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral